


EXPEDIENTE Nº 9/2015 E. L.: "ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO".

LOTE B:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Presentada a documentación, sinalada na cláusula 15 do prego administrativo que rexe o presente contrato, requirida aos únicos licitadores presentados e admitidos, **"Dona Elvira Balboa Dobalo e Don Elisardo Balboa Dobalo"**, compróbase que non cumpre co disposto nos pregos, nos seguintes termos:

- 
- a) Compróbase que a data das certificacións referentes ao cumprimento das obrigas tributarias, esixidas para contratar, é posterior ao da finalización do prazo de presentación das proposicións. A plica foi presentada en data 23/02/2016. Neste senso a cláusula 15.- "REQUIREMENTO DE DOCUMENTACIÓN" de xeito literal recolle: "A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos, agás o 7º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten."""
- b) Na escritura de propiedade do inmovible reflíctese que, os propietarios son Dona Elvira Baoboa Dobalo e Don Elisardo Balboa Dobalo en réxime de gananciais con Dona Javiera Eladia Villalustre Casaldarnos, (esta última non presenta a proposición, e non achega DNI posteriormente coa documentación requirida.

En base aos argumentos anteriormente expostos, e previa fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 4 de abril de 2016, esta Alcaldía, en uso das súas atribucións resolve:

Primeiro: Non admitir a documentación presentada por **"Dona Elvira Balboa Dobalo e Don Elisardo Balboa Dobalo"**, precisa para a adxudicación do contrato do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO" – Lote B.**

Segundo: Declarar deserta a contratación do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"** – Lote B.

Terceiro: Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A plica presentada por **"Dona Elvira Balboa Dobalo e Don Elisardo Balboa Dobalo"**, foi a única presentada e admitida de acordo cos criterios previstos no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que de conformidade coa proposta de adxudicación de data 10 de marzo de 2016, obrante no expediente, a Mesa de contratación lle otorga á plica 25,00 puntos polo criterio dependente de xuízo de valor e 26,66 puntos polo criterio do prezo, obtendo unha puntuación total de 51,66 puntos.


Cuarto: Notificar esta resolución ao licitador presentado a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a catro de abril de dos mil dezaseis.

O alcalde


Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral


Ángel Luis López Pita

Stamp: **CONCELLO DE SANXENXO**
Stamp: **INTERVENCIÓN XERAL**
Stamp: **DATA E CONFORME**
Stamp: **04 ABR 2016**